



FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO
CIF: G36630259
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. R/ Fotógrafo Luis Ksado 17
Of. 10 / E36209 / Vigo / Tel (+34) 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



CURSO DE EQUIPADOR/A DE COMPETICIÓN DE ESCALADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (HOMOLOGADO EEAM) 2024



A Federación Galega de Montañismo (FGM) convoca, coa impartición da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM), un curso de formación e titulación para todos os/as federados/as galegos que estean interesados/as na labor de equipamento nas competicións de escalada da FGM.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poida optar ás titulacións estatais correspondentes, xa que este curso é o primeiro chanzo, de nivel autonómico.

Dende fai anos, a FEDME require para optar á titulación estatal esta titulación autonómica (coa homologación da EEAM), así como experiencia previa no eido do equipamento a nivel autonómico.

Titulación

"Equipador/a de competicións de escalada da Federación Galega de Montañismo"

Director/Responsables do curso

Director técnico do curso: Félix Obradó Carriedo, equipador FEDME. Coordinará a parte técnica e docente do curso, as avaliacións e control do bloque de formación práctica.

Coordinadora: Katya Sanz Ochoa, directora da EGAM.

Obxectivos do curso

Dotar a Galicia dun cadro de equipadores/as de escalada con formación técnica e titulación axeitada para cubrir as necesidades de equipamento nas distintas probas de escalada de competición da FGM.

Requisitos mínimos dos alumnos/as

Estar en posesión da **licenza federativa FEDME** que cubra a práctica da escalada no ano en curso, ter como mínimo 18 anos, cumprir cos requisitos de nivel establecidos para polo menos unha das dúas modalidades (dificultade e/ou Bloque), así como os demais requisitos especificados:

1. Non estar lesionado/a e estar en disposición de poder demostrar o nivel deportivo esixido durante a realización do curso.
2. Experiencia acreditable a través dun curriculum deportivo e de experiencia no equipamento de sala/rocódromo de xeito activo nos últimos 3 anos.
3. Nivel deportivo mínimo esixido, durante os últimos 6 meses ata a convocatoria do curso:
Xénero masculino:
-7c+ de vía encadenada en 1 ou varios intentos en 1 día.
-7B+ de bloque encadenado en 1 ou varios intentos en 1 día.



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO**
CIF: G36630259
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. R/ Fotógrafo Luis Ksado 17
Of. 10 / E36209 / Vigo / Tel (+34) 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



Xénero feminino:

- 7b de vía encadenada en 1 ou varios intentos en 1 día.
- 7A de bloque encadenado en 1 ou varios intentos en 1 día.

Valorarase, para priorizar o acceso a candidatos/as o feito de ter a licenza federativa galega con alomenos dous anos de antigüidade. En caso de que o número de participantes con licenza FGM non chegue a dous terzos do número de participantes mínimo, a FGM resérvase o dereito de suspender ou aprazar a súa realización. Así mesmo teranse en conta criterios de igualdade, en caso de cumprir cos requisitos establecidos nesta convocatoria.

Ademais, en caso dun gran número de aspirantes, valoraranse os seguintes puntos para decidir a orde de acceso:

- Bonificarase 1 punto extra pola experiencia previa como equipador/a nunha competición rexional. (ata 3 competicións).
- Bonificarase 1 punto extra pola experiencia como competidor/a a nivel autonómico.
- Bonificarase 1 punto extra pola experiencia como competidor/a a nivel nacional.
- Non haberá un acceso directo polo feito de ser deportista de alto rendimento/nivel, ou calquera outra denominación.

Competencias que adquirirán os alumnos/as

Aquelas que establece o regulamento oficial da FGM no ámbito da escalada nas súas distintas modalidades de bloque, dificultade, velocidade e paraescalada, para o equipamento das competicións ao amparo da FGM.

Prazas ofertadas

Máximo de 12 prazas, con un número mínimo de 10 alumnos/as.

Carga lectiva

30 horas lectivas + 2 prácticas obrigatorias en competicións (todos os días de equipación previa + os días de competición), autonómicas ou nacionais de dificultade ou bloque (preferiblemente 1 práctica de cada disciplina).

Datas e prazos

As persoas interesadas terán que cubrir o modelo de solicitude no formulario telemático en <https://fedgalmon.gal>

Período de inscrición: do 7 ao 28 de novembro de 2024

Realización do curso: O curso desenvolverase do 10 ao 15 de decembro de 2024

Prezo:

O custe de matrícula por alumno será de 300€ e inclúe dereitos de participación no curso, dereitos de avaliación (1 convocatoria ordinaria), documentación, titorización das prácticas mínimas obrigatorias, título final para aptos/as. Non inclúe desprazamento, aloxamento nin manutención.

Planificación e canais de información



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO**
CIF: G36630259
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. R/ Fotógrafo Luis Ksado 17
Of. 10 / E36209 / Vigo / Tel (+34) 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



A convocatoria do curso farase nos canais habituais da FGM (páxina web, envío de correos a clubs e redes sociais)

Modalidade de realización

O curso desenvolverase de xeito presencial, salvo unha parte que poderá realizarse de xeito telemático e que non poderá superar o 10% da carga lectiva, correspondente a materias teóricas.

Lugar/es de celebración previstos

O curso realizarase no rocódromo de Riazor (A Coruña), en horario de mañá e tarde. En caso xustificado pola FGM, a localización poderá variar previa comunicación por email a todas as persoas inscritas.

Contidos mínimos:

1. A FEDME e a escalada:

-Primeira revolución 1980. Competicións de escalada. Evolución das competicións das últimas décadas.

-Competicións oficiais en muros artificiais.

Carga horaria 0,5 hora

2. A competición

Tipos de competición:

-Dificultade.

-Bloque.

-Velocidade.

-Para-escalada

-Xuvenís

-Formato combinado

Regulamentos de competición Autonómicos/FEDME.-Seguridade activa e pasiva.

Os axentes da competición: árbitros/as, equipadores/as, aseguradores/as, competidores/as e organizadores.

Carga horaria 1 hora

3. A modalidade de dificultade:

Características do muro de competición, materiais, elección e deseño de itinerarios, confección das vías, tipos de presas e agarres, axustes e imprevistos na competición, testeos das vías, puntos de seguridade, cintas e mosquetóns, sistemas de montaxe, prevención de riscos, incidentes técnicos, previsión, marcaxe de percorridos e zonas prohibidas.

Carga horaria 7 horas

4. A modalidade de bloque:

Formatos, cálculo de tempos, características xerais das estruturas, elección e deseño de itinerarios, presas e agarres, confección dos bloques, zonas e tops, axustes e imprevistos na



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO**

CIF: G36630259

Escola Galega de Alta Montaña

Casa do Deporte. R/ Fotógrafo Luis Ksado 17
Of. 10 / E36209 / Vigo / Tel (+34) 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



competición, testeos dos bloques, prevención de riscos, incidentes técnicos, previsión, marcaxe de percorridos e zonas prohibidas.

Carga horaria 7 horas

5. A competición de velocidade:

Características do muro de competición, materiais, itinerarios fixos, internacionais para record, marcaxe de percorridos e zonas prohibidas, agarres e presas, puntos de seguridade (sistema de top rope con brazo separador, seguridade, entrenamiento para aseguradores, formato de competición, prevención de riscos, previsión e incidentes técnicos.

Carga horaria 4 horas

6. A modalidade de paraescalada

- Categorías: organización das vías por categorías
- Aseguramento: cordas top rope
- Ranking e espectáculo en Para-Climbing

Carga horaria 0,5 hora

7. Categorías infantís e xuvenís

- Categorías.
- Diferenzas cunha competición senior

Carga horaria 0,5 hora

8. Outras competicións

- Competicións urbanas
- Formatos combinados olímpicos

Carga horaria 0,5 hora

9. Equipo de setters

- Equipador/a delegado
- 2o equipador/a
- Equipadores/as de prácticas
- Organización previa de competición
- Comunicación coa organización, árbitraxes. etc
- Traballo en equipo.
- Toma de decisións e responsabilidades

Carga horaria 1 hora

10. Ferramentas e trucos útiles para equipadores/as en competición

- Herramientas para el equipamiento.
- Trucos para equipar con éxito.

Carga horaria 1 hora

11. Primeiros auxilios



**FEDERACIÓN GALEGA DE
MONTAÑISMO**
CIF: G36630259
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. R/ Fotógrafo Luis Ksado 17
Of. 10 / E36209 / Vigo / Tel (+34) 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



-Primeiros auxilios durante os traballos de equipamento.

-Primeiros auxilios na competición. Médico obligatorio.

Carga horaria 1 hora

Prácticas titorizadas.

O obxectivo das prácticas será afianzar os coñecementos adquiridos en situación real de competición. Para a superación da formación, os alumnos/as necesitarán tener dúas prácticas titorizadas con calificación apta. En caso de ter calificación “non apto” en algunha das 2 primeiras, terán ata un máximo de 6 tentativas. (De non conseguir 2 aptos despois desas tentativas, terán que comezar dende cero o proceso).

- En competicións autonómicas ou nacionais, cando se trate de equipadores/as autonómicos/as.

Cada alumno/a terá asignado un titor/a de prácticas, que será un equipador/a FEDME con alomenos dous anos de experiencia en competicións.

Procedementos e criterios de avaliación

Os alumnos/as terán que:

- Participar no 95% do total da carga lectiva.
- Desenvolver e superar as tarefas que lle sean encomendadas polo director do curso
- Realizar e superar as prácticas establecidas nesta convocatoria.